

# Celia Reboredo Guimaráns, a Ghimarana

*Na casa de Celia a Ghimarana sempre se dixo que fora rapada “por bolichera, porque subiron outras mozas do Pazo ao camiión e ela foi alí ver a onde as levaban”. Mais o certo é que pertencía a unha familia de esquerdas.*

*Érao ela e tamén o eran a súa irmá Carmen e o seu irmán José. A memoria gardou que os Reboredo participaban nas manifestacións do 1º de maio:*

*“Unha vez contou a tía Carmen que fora coa boina vermella, co estandarte e a bandeira a unha manifestación a Vigo. Que foran ela e a Barriguda<sup>1</sup>, que sei que era guapísima...”. [Peregrina Juncal Reboredo, sobriña de Celia, a Ghimarana].*

*Mais a ditadura franquista impuxo o discurso de que ser de esquerdas era malo e moitas familias negaron calquera vinculación política como método de protección e, pode que por iso, os Reboredo preferisen transmitir que Celia era rexoubeira antes que admitir que era roja. Esa foi a versión que chegou ás seguintes xeracións:*

---

<sup>1</sup> A Barrighuda era o alcume de Teresa Nogueira, a nai de Manuel Amoedo, paseado polos franquistas. Podería referirse á súa filla, Pilar, que era dunha idade similar á de Carmen Reboredo.



*“A ela non a colleran pero como levaban as outras, foi alí mirar e marchou tamén. Era moi nova”. [Peregrina Juncal Reboredo, sobriña de Celia, a Ghimarana].*

*Nacera en 1903, así que no 36, cando a raparon, tiña 23 anos. “E como a ela, un camión enteiro de mulleres, que as levaron e rapáronlles o cabelo ao cero”, di a sobriña.*

*Non raparon a súa irmá Carmen, que nacera en 1907, nin a Peregrina, que era de 1910, pero si foron moitas veces buscar o seu pai, José Reboredo:*

*“Viñérono buscar, sobre todo de noite pero nunca estivo preso nin fuxido no monte. Na casa había moitas portas e entraban eles por unha e el saía pola outra”. [Peregrina Juncal Reboredo, sobriña de Celia, a Ghimarana].*

*Pouco máis sobre aquel tempo se contou na casa, e menos da boca de Celia:*

*“Non era amiga de falar”. [Peregrina Juncal Reboredo, sobriña de Celia, a Ghimarana].*

*Sempre mantivo unha fonda amizade con Argentina Villaverde, rapada cando levaba no ventre a filla de Alfredo Oliveira, fusilado polos golpistas en Ferrol en outubro de 1936.*